

**Resposta:**

1.- Por que os invernos en Roma son máis suaves que os de Madrid se están á mesma latitude?


2.- Por que os países costeiros de Europa teñen un clima menos extremo que os correspondentes na costa de Norteamérica?

3.- Por que nalgunhas montañas hai unha vertente húmida e outra árida?

4.- Verdadeiro ou Falso:

- a) As fronteas frías orixinan choivas e as cálidas bo tempo
- b) Os anticiclóns orixinan altas temperaturas e as borrascas baixas
- c) Os anticiclóns circulan en sentido horario no hemisferio norte
- d) A convección é un movemento descendente de aire quente
- e) As isóbaras próximas indican vento forte
- f) Durante a noite sopra a brisa mariña dende o mar
- g) En zonas tropicais como a India a estación de choivas é o verán.
- h) O clima fundamental en Galicia é o marítimo.

5.- Que situación atmosférica afecta a Galicia no seguinte mapa de isóbaras e que tempo trae asociado?



6.- a) Cal é a dirección do vento en Lisboa no mapa do exercicio anterior; b) Onde sopra máis intenso, en Lisboa ou en Roma? Razoar respostas.

### Solucións:

1.- A latitude é o factor principal do clima, pero non o único. Para diferenciar o clima de Roma e Madrid, o factor determinante é a distancia ao mar. As zonas de interior como Madrid teñen clima de tipo continental, con maior contraste térmico e invernos máis rigorosos que as zonas costeiras, debido as especiais propiedades da auga como regulador térmico.

2.- Un factor determinante do clima son as correntes mariñas que funcionan como fitas transportadoras de calor, as cálidas como a Corrente do Golfo suavizan o clima das costas que baña como é o caso das costas europeas. A costas afectadas por correntes frías van ter climas rigorosos, como lle sucede á costa norteamericana.

3.- A causa é o efecto Foëhn, que son precipitacións causadas polo relevo, en especial en montañas altas que obrigan ao vento húmido a ascender e descargar choivas na ladeira de barlovento, de forma que chega a outra vertente seco e requéntase a medida que descende.

4.-

<b>a</b>	<b>b</b>	<b>c</b>	<b>d</b>	<b>e</b>	<b>f</b>	<b>g</b>	<b>h</b>
<b>F</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>V</b>

5.- No mapa de isóbaras podemos comprobar que o valor da presión atmosférica descende cara o centro, polo que se trata dunha *borrasca*, asociada a tempo inestable con risco de precipitacións.

6.- a) O vento en Lisboa sopra do **NO**. Temos que lembrar que a dirección do vento indica a súa procedencia, que é paralela a isóbara máis próxima e que o efecto de Coriolis é o responsable do xiro horario / antihorario de anticiclóns e borrascas. No mapa, Lisboa está afectada por unha borrasca, con xiro antihorario no hemisferio norte.

b) O gradiente de presión, que vén indicado pola proximidade das isóbaras, é maior en Lisboa, polo que estará afectada por vento máis intenso que Roma, onde as isóbaras están máis separadas e o gradiente é menor.